

COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xaneiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTA: D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas DEPUTADOS/AS: D. ^a M. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo D. Miguel A. Cid Álvarez D. Adolfo González Novoa D. José Ignacio Gómez Pérez D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de xaneiro de 2019 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de decembro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- SOLICITUDE DO GRUPO SOCIALISTA DE COMPARECENCIA DO PRESIDENTE NA COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO DO DÍA 17.01.2019, PARA INFORMAR SOBRE A ENQUISA

RELATIVA Á IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO ÁMBITO LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

A **presidenta da comisión** dá conta do escrito presentado polo Grupo Socialista para a comparecencia do presidente nesta comisión, e cédella a palabra ao dito grupo para que expoña o contido do escrito.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, indica que o motivo da solicitude de comparecencia do presidente vén dado pola noticia aparecida en prensa e a información á que tiveron acceso en relación coa diagnose e a enquisa integrada nesta para a realización do plan de igualdade da Deputación. A continuación resume brevemente algunhas das debilidades que aparecen na dita diagnose, un total de 32, enumerando as que ao seu xuízo son as máis relevantes e reiterando que debería ser o propio presidente o que comparecese para dar cumprida explicación dos datos da dita diagnose, entre os que se revela a existencia de acoso sexual entre o persoal da Deputación Provincial, e para explicar a metodoloxía de traballo a partir de agora.

A **presidenta da comisión**, en primeiro lugar realiza un repaso dos traballos de elaboración e aprobación do primeiro plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres que esta Deputación aprobou a finais do ano 2017. A continuación realiza un resumo das actuacións dos traballos levados a cabo pola Comisión de Igualdade da Deputación ao longo de 2018 e destacando que moitas das debilidades que aparecen na citada diagnose xa están sendo corrixidas dentro da Deputación. Como exemplo cita o protocolo conta o acoso sexual no ámbito laboral que se elaborou e que se lle vai presentar á Mesa Xeral de Negociación, ou a inclusión de accións formativas e módulos de igualdade nos diferentes cursos do plan de formación desta Deputación. Así mesmo engade que a Deputación elaborou unha guía de utilización da linguaxe inclusiva e non sexista que se vai publicar na Intranet provincial e que se distribuirá a todos os concellos interesados. En último lugar, resalta o importante traballo que está levando a cabo a comisión de igualdade, agradecendo o traballo de todos e cada un dos seus membros de forma individualizada.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, reitera a gravidade dos datos reflectidos sobre os supostos casos de acoso sexual e para indicar que a aprobación do plan de igualdade chega tarde, moi tarde, á Deputación Provincial. Por último solicita que lle traslade ao seu grupo copia das enquisas sobre igualdade realizadas ao persoal da Deputación e o plan de traballo da comisión de igualdade e informe de avaliación do ano 2018.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, entende que sen prexuízo da intervención da presidenta, á que lle agradece a súa presenza e as explicacións dadas, que considera ademais bastante satisfactorias, indica que a non comparecencia do presidente constitúe unha falta de respecto á propia institución e aos membros da comisión, así como ao tema que se está tratando, tal e como xa manifestou ante unha petición similar na comisión de Transparencia que tivo lugar no día de onte. A dita incomparecencia do presidente denota a súa falta de compromiso co esta administración da que é o máximo representante, polo que solicita que conste expresamente en ata a opinión do grupo provincial de Democracia Ourensana, que considera unha enorme falta de respecto a dita incomparecencia.

A **presidenta da comisión** contesta que está encantada e moi agradecida de que o presidente delegue e confíe nela a defensa do dito tema.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, solicita en primeiro lugar que se lle faga chegar tamén a mesma documentación que solicitou o Grupo Socialista. Indica que dentro dese respecto que lle teñen á comisión de igualdade e a todos os seus membros, sinala que cando o seu grupo fala de que a actuación do Grupo Popular nesta materia é de cara á galería queda confirmada pola propia incomparecencia do presidente neste asunto, ou por casos os seus antecedentes persoais nesta materia ou polo repetido caso de acoso sufrido por unha traballadora do servizo de limpeza, que foi denunciado polo seu grupo en varios plenos e no que a Deputación non interveu. Engade que o feito de que non exista ningunha denuncia expresa de acoso, non supón que este non exista, polo que considera de aventurada a opinión da presidenta da comisión nese sentido.

Finaliza o debate a **presidenta da comisión** sinalando que o protocolo contra o acoso sexual no ámbito laboral, elaborado na Deputación, xa habilita mecanismos e protocolos para tratar estas posibles denuncias e intentar solucionar os ditos casos.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a solicitude do Gurpo do PSdeG.-PSOE de comparecencia do presidente na comisión, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a abstención do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (6).

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, solicita que se lle informe por escrito sobre os proxectos de emprego xuvenil que levou a cabo a Deputación Provincial no ano 2018.

A **presidenta da comisión** di que se lle contestará por escrito.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, en relación co último acordo adoptar polo Pleno da Deputación sobre a atención primaria no ámbito sanitario, solicita que se lle informe sobre as xestións realizadas polo goberno provincial e o estado do seu estado de tramitación.

A **presidenta da comisión** di que se lle contestará por escrito.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.